

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	A ESTRADA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Lourenzo de Ouzande
<b>Dirección</b>	Lugar do redondo, s/n. 36681
	42.727860 -8.334909
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>San Lourenzo de Ouzande, a pesares das reformas levadas a cabo no templo, conserva gran parte dos elementos da fábrica románica. A igrexa, en orixe, era de nave única e ábsida semicircular. A fachada principal e a nave, debido a unha profunda intervención feita en época moderna, son as que sufriron maiores modificacións. A nave, aínda que mantén parte da súa estrutura orixinal, víuse alterada con motivo da anexión de diferentes dependencias. Na cabeceira tamén se engadiu no lado norte a sancristía. A ábsida presenta un tramo semicircular, precedido doutro recto, que se une directamente á nave. Non posúe nin columnas nin contrafortes, aínda que o máis probable é que sí as tivese. O que si podemos ollar son os seus canzoriños. A ábsida presenta unha sinxela saeteira con remate semicircular en ambos extremos, sobre a que se dispoñe unha pedra armeira do marqués de Santa Cruz, e unha xanela cuadrangular ubicada no lado meridional, froito dunha intervención posterior. No interior, a ábsida cóbrese con bóveda de canón no tramo recto e de cascarón no hemicyclo. Dous arcos, un triunfal e outro perpiaño ou faixón, que está paralelo ao triunfal. Ámbolos dous son arcos de medio punto, algo peraltados (característica do románico compostelá) e cunha lixeira tendencia á ferradura, sobre todo o triunfal. No exterior, no cumio do tellado, cara ao poñente, ten o AGNUS DEI portando no lombo unha cruz de palmas ou de oito puntas. Esta cruz é de tradición hispánica, utilizada polos hispanovisigodos, é unha cruz que pertence ao grupo das patadas e é característica de Asturias. Castelao gustaba de chamarlle ás cruces que se erguen no cumio das igrexas, ás cruces antefixas, ás fillas ou netas, pola súa feitura, das irlandesas e escocesas, cruces cumiaes. Un carneiro portador dunha cruz está no piñón do muro do testeiro da nave de San Lourenzo. O tema do Agnus Dei, tan representado na miniatura mozárabe, está moi difundido no noso románico. O Agnus Dei, o Año de Deus ou Año Pascual, Xesucristo, aparece degolado porque foi inmolado e á vez en pé porque foi resucitado. Cristo é comparado constantemente ao longo da Biblia cun año, animal frecuentemente empregado nas ofrendas a Iavéh, é símbolo de bondade e de mansedume.</p> <p>Na fachada ábrese unha porta alintelada, principal, de orientación occidental, apréciase o perfil dun arco de medio punto peraltado e cegado. Este arco, que facía o labor de descarga, é o único testemuño que nos queda da primitiva fachada románica que desapareceu tras a reedificación de parte da nave que tivo lugar, como se pode constatar nunha inscrición sita no lintel da porta lateral setentrional, no ano 1781, alusivo ás mencionadas reformas. Enriba do ingreso unha xanela rectangular abucinada e rompendo a forma pentagonal da fachada, unha base para unha espadana de dous corpos. No primeiro corpo, dous arcos de medio punto sobre machóns moldurados onde van penduradas as campás maior e mediana. No segundo corpo, un oco en arcos de medio punto onde vai pendurada a campá menor. Todo o conxunto vai rematado por un pináculo con bóla e unha cruz de forxa.</p>
<b>Campás</b>	3 campás.
<b>Fotos</b>	2

<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	GARCÍA ROLDÁN, Alberto / Galicia pueblo a pueblo. blogspot.com.
<b>Data</b>	30-12-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">BLANCO PAZ, ANTONIO</a>	1844	45	53
Espadana	<a href="#">Mediana.</a>	<a href="#">LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1902	60	125
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1905	70	199

Información completa: [Igrexa de San Lourenzo de Ouzande - A ESTRADA \(GALICIA\)](#)

PDF (15-06-2026)